

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

17429 *Real decreto 1586/2009, do 16 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.*

Desde a entrada en vigor do Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica, producíronse iniciativas dos cidadáns no sentido de solicitar a ampliación do prazo de validez das certificacións literais de nacemento exixidas para a expedición do dito documento, peticións que foron recollidas por algunhas institucións e trasladadas ao Ministerio do Interior a través da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

Por iso, tendo en conta que a atención destas demandas non representa efecto negativo ningún no procedemento xeral habilitado para a expedición do documento nacional de identidade e que tampouco supón ningunha variación nos trámites que teñen que realizar os cidadáns para a expedición ou renovación dese documento, e si en cambio pode representar un beneficio para a cidadanía en xeral, resulta aconsellable levar a cabo a modificación normativa no sentido apuntado.

Así mesmo, tendo en conta a instrución ditada pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en que acordaba ordenar que nas certificacións literais de nacemento que expidan os xuíces e cónsules encargados dos rexistros civís españois quede reflectida a constancia de que a súa expedición ten lugar para o único efecto da obtención do documento nacional de identidade, considérase apropiado incorporar esa exixencia a través deste real decreto.

Por outra parte, resulta necesario a homoxeneización e unificación de criterios respecto a algún dos requisitos exixidos para a expedición do DNI, como é o da fotografía, que ademais de non entorpecer o procedemento, suporía unha maior claridade, tanto para os cidadáns como para os funcionarios encargados da tramitación.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 16 de outubro de 2009.

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.*

As alíneas a) e b) do artigo 5.1 do Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica, quedan redactadas do seguinte modo:

«a) Certificación literal de nacemento expedida polo rexistro civil correspondente. Para estes efectos unicamente serán admitidas as certificacións expedidas cunha antelación máxima de seis meses á data de presentación da solicitude de expedición do documento nacional de identidade e que conteñan a anotación de que se emitiu para os únicos efectos da obtención deste documento.

b) Unha fotografía recente en cor do rostro do solicitante, tamaño 32 por 26 milímetros, con fondo uniforme branco e liso, tomada de fronte coa cabeza totalmente descuberta e sen lentes de cristais escuros ou calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA